

# MISTERIO EN VENECIA

Kenneth Branagh, 2023

# 1171

ESTREA EN NUMAX: 22.09.2023 | V.O.S.E. | +12 | 103 min

Na Venecia posterior á Segunda Guerra Mundial, Poirot, agora retirado e vivindo no seu propio exilio, asiste de mala gana a unha sesión de espiritismo, cando un dos convidados é asasinado. Dependerá do ex detective descubrir unha vez máis o asasino.

«Un misterio de asasinato enxeñoso, enrevesado e sorprendentemente aterrador»

Mireia Mullor, DIGITAL SPY



## Unha novela policial con toques de terror

Por Jason Zinoman

A que xénero pertence *Misterio en Venecia*? Acaríciense o bigote e únanse a min no caso. A nosa primeira pista é que Kenneth Branagh interpreta a Hercule Poirot nesta terceira adaptación dunha historia de Agatha Christie. Polo tanto, podería parecer evidente. Engade un asasinato nunha casa terrorífica chea de sospeitosos e terás todas as claves dun clásico misterio de habitación pechada. Pero os fans de Christie rapidamente deducirán que o guionista Michael Green se apartou considerablemente de *Hallowe'en Party*, o material orixinal de 1969. Trátase dun dos seus últimos libros, de menor importancia, ao que se lle engaden elementos do terror sobrenatural. Mantéñanse alerta.

Poirot, retirado da resolución de casos, é invitado a asistir a unha sesión de espiritismo onde unha famosa cantante de ópera, Rowena Drake, quere contactar coa súa filla morta. O médium (ou fraude?) está interpretado con dinamismo por Michelle Yeoh e os seus poderes psíquicos supoñen un reto para a fría racionalidade do detective envellecido. A diferenza das súas versións relativamente fieis e inofensivamente entretidas de *Asasinato no Orient Express* e *Morte no Nilo*, Branagh penetra nun novo territorio fantasmagórico, recorrendo a tropos do cinema de terror como as ratas, os sustos e o vello recurso de que apareza unha cara no espello.

(...) Tine Fey introduce unha enerxía cómica no filme, falando polos cóbados mentres acompaña a Poirot. Engade un pouco de gas carbónico moi necesario ao trago forte da resolución de misterios. Branagh quere contar a historia dun Poirot axitado e nostálxico que loita contra a decadencia, mais por sorte entremétese o humor *camp*.

A cabalo entre xéneros, o filme pode que quede no medio. Pero é divertido así. O máis consistente son os elegantes efectos visuais -impresionante fotografía de Haris Zambarloukos- que marcan o verdadeiro xénero deste filme como un luxoso espectáculo dos vellos tempos de Hollywood. As tomas inclinadas das esquinas da casa alternan cos planos das noites chuviosas venecianas. Pero as imaxes dominantes son os primeiros planos das estrelas de cine, incluídas as longas e prolongadas miradas a Branagh. Contan cunha rumorosa seriedade que proporcionan enxeño esporádico e unha boa, aínda que melancólica, compañía.

No libro orixinal, Poirot reflexiona sobre a beleza. Soa escéptico e un pouco inseguro. “Só había unha cousa da súa propia aparencia que lle agradaba a Hercule Poirot”, escribe Christie, “e era profusión do seu bigote”.

Branagh mantívose totalmente fiel neste trazo. Pero non puido evitar engadir un remendo de alma.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Belfast*,  
Kenneth Branagh.  
Universal [DVD]

*Asesinato en el  
Orient Express*,  
Kenneth Branagh.  
Divisa [DVD]

*Asesinato en el  
Orient Express*,  
Agatha Christie  
Planeta, 2017